



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

I CONVOCATORIA DE CONTRATOS-PROGRAMA PARA O DESEÑO ESTRATÉXICO E A INNOVACIÓN NA UDC

A Universidade da Coruña, consciente da necesidade de afrontar dun xeito integral a mellora da formación que proporciona, da investigación que produce e dos servizos que presta, convoca a todos os membros da comunidade universitaria a participar na *I Convocatoria de contratos-programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC*.

A integración na Unión Europea supón para a universidade camiñar cara a un modelo que harmonice as diferenzas que existen nunha Europa diversa. Ser cidadáns europeos implica o exercizo dos nosos dereitos como estudantes, profesores ou traballadores en calquera Estado da Unión. De aí deriva a necesidade de que exista un recoñecemento mutuo dos nosos estudos e dos nosos perfís profesionais. Mais a mobilidade non só require o coñecemento que proporciona a transparencia, senón que implica sermos capaces de ofrecer estudos e servizos que reúnan os mesmos estándares que se nos ofrecen e/ou que nós ofrecemos aos demais cidadáns da UE. Este reto da calidade e da mellora permanente non pode ser afrontado sen planificación e implicación de todos. Por isto, e como desenvolvemento do plano estratéxico da Universidade que se presentou recentemente no Consello de Goberno da UDC, ponse en marcha esta iniciativa que conduce a que toda a comunidade universitaria asuma o papel que lle corresponde no proceso de integración no Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES).

Obxectivos xerais

- Contribuír á elaboración do plano estratéxico da UDC.
- Mellorar a calidade docente en todos os niveis do ensino superior e contribuír á incorporación das TIC na docencia universitaria.
- Mellorar a calidade investigadora para axudar a incrementar os indicadores de calidade nos departamentos e grupos de investigación da UDC.
- Mellorar a eficacia dos servizos universitarios, ao establecer novos e mellores procedementos de xestión.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Contribuír á difusión dunha cultura da calidade e da mellora continuada na UDC.

Solicitantes

Poden participar na presente convocatoria as facultades e escolas, departamentos e institutos universitarios e os servizos e unidades da UDC a través das súas respectivas direccións, así como o profesorado e o persoal de administración e servizos, ben de xeito individual ben colectivo.

a) Contrato-programa para facultades e escolas (modelo I)

Poderán participar nesta convocatoria os centros que teñan avaliadas todas, ou algunhas, das súas titulacións e se comprometan ao deseño do seu plano estratéxico e a desenvolver polo menos un 30 % das súas accións de mellora, así como a acadar un mínimo do 30% de participación, tanto entre o estudantado como entre o profesorado, na avaliación docente correspondente ao curso 2004-2005.

De ter acadado o 100% das accións de mellora propostas na avaliación das titulacións correspondentes, poderán substituír este obxectivo pola elaboración dun novo plan de melloras orientado á inserción das titulacións do Centro no Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Excepcionalmente, os centros cuxas titulacións non puideran ter sido avaliadas, por non cumprir cos requisitos das convocatorias realizadas, poderán concorrer a esta convocatoria presentando o plan de melloras que pretenden acadar.

O director/decano do centro disporá para iso da axuda dun profesor/a que actuará como persoa responsable de calidade e converxencia (no sucesivo PRCC) por un período de 12 meses, cuxo nomeamento fará o reitor, a proposta da dirección do centro que informará á Xunta de Centro.

O PRCC terá un complemento semellante ao de secretario/a de departamento e terá a responsabilidade de coordinar os traballos relacionados co plano de calidade do centro e de coordinar os programas das materias das titulacións.

Os centros que se acollan a esta convocatoria poderán optar a un financiamento anual das accións de mellora que non puideren financiar con



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

recursos propios. A dirección do centro que se acolla a este contrato-programa deberá presentar:

- Relación de obxectivos que cobren o 30 % das accións de mellora de cada titulación avaliada.
- Relación de indicadores que reflicten a situación actual.
- Plano de actuacións con indicación de calendario para acadar os obxectivos con especificación dos responsables de cada un deles.
- Recursos dispoñibles e non dispoñibles en cada caso.
- Recursos que se solicitan.
- Indicadores e evidencias para avaliar as melloras acadadas.

Pola consecución destes obxectivos os centros recibirán financiación para a adquisición de material inventariable.

Ao 31 de decembro de 2005 o Centro, a través da súa dirección, presentará unha memoria xustificativa do traballo que se realizou e que deberá conter:

- 1.- Os obxectivos propostos e os acadados.
- 2.- A memoria do plano estratéxico do centro (coa estrutura que fixe a Comisión Estratéxica do Consello de Dirección da UDC).
- 3.- A relación de ingresos e gastos que se fixeron para conseguir os obxectivos.
- 4.- Coa finalidade de avaliar o efecto das accións que se desenvolveron o centro fará constar os indicadores ou datos e as evidencias que reflicten as melloras que se acadaron.

A Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, coa colaboración das Vicerreitorías de Investigación e de Estratexia e Planificación Económica, fará efectivas estas medidas a través da partida 9845 422D 121.14 cunha reserva de gasto de 42.612,75 euros para os PRCC. O financiamento das accións de mellora que se puideren desenvolver nesta convocatoria farase con cargo á partida orzamentaria 9830 422D 625.00 que ten unha dotación de 400.000 euros. Esta partida cubrirá tamén as accións de mellora dos departamentos que máis adiante se detallan.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

b) Contrato-programa para departamentos e Institutos Universitarios (modelo II)

Poderán participar nesta convocatoria todos os departamentos e Institutos que se comprometan a deseñar ao longo do ano 2005 o plano estratéxico para desenvolver mellor as súas tarefas docentes e/ou investigadoras e a cumprir polo menos algún dos seguintes obxectivos:

1. Consecución dun novo doutoramento de calidade.
2. Aumento do número de teses de doutoramento que se defendan, en relación coa media dos últimos cinco anos, nunha porcentaxe como a expresada na seguinte táboa:

MEDIA CINCO ÚLTIMOS ANOS	PORCENTAXE DE MELLORA
0-2 TESES	100 % (mínimo 1)
3-6 TESES	25 %
7-10 TESES	15 %

3. Aumento no impacto das publicacións ou na media de artigos ou libros internacionais publicados.
4. Aumento sobre a media dos últimos cinco anos no número de proxectos europeos ou estatais de carácter competitivo.
5. Outros (especificar)

Pola consecución destes obxectivos os departamentos ou Institutos recibirán financiación para a adquisición de material inventariable.

Os departamentos ou Institutos, a través da súa dirección, concorrerán á presente convocatoria e achegarán un programa en que deberán relacionar:

- Os obxectivos cuxo cumprimento asumen.
- A relación de indicadores que reflicten a situación actual.
- As acción previstas para o seu cumprimento.
- Os recursos internos que se mobilizarán (persoais, organizativos, materiais etc).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Recursos solicitados que se queren financiar con cargo á partida especificada na convocatoria.
- A parte do orzamento do departamento que se destina a cumprir o contrato-programa.
- A relación das persoas que están implicadas no contrato (datos persoais, categoría e tarefas asumidas).
- Os datos ou indicadores e as evidencias que utilizarán para xustificar que se conseguiron os obxectivos.

Ao 31 de decembro de 2005, a través da súa dirección, presentarán unha memoria xustificativa do traballo que se realizou e que deberá conter:

- 1.- Os obxectivos que se propuxeron e os que se acadaron.
- 2.- A memoria do plano estratéxico do departamento (coa estrutura que fixe a Comisión Estratéxica do Consello de Dirección da UDC).
- 3.- A relación de ingresos e gastos que se fixeron para conseguir os obxectivos.
- 4.- Os indicadores e as evidencias que reflicten as melloras que se acadaron, que o departamento fará constar coa finalidade de avaliar o efecto das accións desenvolvidas.

A Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, coa colaboración das Vicerreitorías de Investigación e de Estratexia e Planificación Económica, fará efectivas estas medidas a través da partida 9830 422D 625.00 mencionada no apartado anterior.

c) Contratos-programa para os servizos e unidades da UDC (modelo III)

Se o solicitante for un servizo da UDC, ou unha unidade constituída para o apoio á docencia, á investigación ou á xestión, estes, a través da súa dirección, comprometeranse no deseño dun plano estratéxico para mellorar a calidade do traballo que desempeñan. Ademais terán que se comprometer cando menos nalgún dos seguintes obxectivos:

1. Mellora da xestión dos seus procedementos, para o que deben relacionar e documentar os actuais así como sinalar as melloras que se van realizar. Terá que se especificar o resultado que se espera obter e avaliar este.
2. Optimización de bases de datos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

3. Desenvolvemento de aplicacións informáticas.
4. Seguimento de expedientes.
5. Outros proxectos de innovación que se deben especificar.

Pola consecución destes obxectivos os servizos ou unidades recibirán financiación para a adquisición de material inventariable.

Os servizos ou unidades, a través da súa dirección, concorrerán á presente convocatoria e deberán achegar un programa en que relacionarán:

- Os obxectivos cuxo cumprimento asumen.
- Os datos ou os indicadores que reflicten a situación actual.
- As accións que se prevén para o cumprimento dos obxectivos.
- Os recursos internos que se mobilizarán (persoais, organizativos, materiais etc).
- Os datos ou os indicadores e as probas ou as evidencias que utilizarán para xustificar que conseguiron os obxectivos.
- Os recursos que se soliciten e que poidan ser atendidos coa partida que máis adiante se especifica.

Ao 31 de decembro de 2005 a unidade ou servizo, a través da súa dirección, presentará unha memoria xustificativa do traballo que se realizou e que deberá conter:

- 1.- Os obxectivos que se propuxeron e os que se acadaron.
- 2.- A memoria do plano estratéxico do servizo (coa estrutura que fixe a Comisión Estratéxica do Consello de Dirección da UDC).
- 3.- A relación de ingresos e gastos que se fixeron, se proceder, para conseguir os obxectivos.
- 4.- Os indicadores e as evidencias que reflicten as melloras que se acadaron e que o servizo fará constar coa finalidade de avaliar o efecto das accións que se desenvolveron.

A Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, coa colaboración da Xerencia e das Vicerreitorías de Investigación e de Estratexia e Planificación Económica, fará efectivas estas medidas a través da partida orzamentaria 9830 422D 625.00 mencionada para os apartados *a* e *b* da presente convocatoria.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Unidade Técnica de Calidade será a encargada de realizar a tramitación para a adquisición dos recursos concedidos.

d) Contratos-programa para o profesorado (modelo IV)

Poderán optar a esta convocatoria os profesores/as, individualmente ou en grupo, que presenten un programa de innovación docente nalgunha das súas materias. Necesariamente terá que estar relacionado coa integración das TIC na docencia universitaria e os resultados terán que se incorporar na plataforma de teleformación da UDC.

No proxecto definiranse:

- Os obxectivos que se perseguen.
- A relación de indicadores que reflicten a situación actual.
- As accións que se van desenvolver.
- Plan de traballo con indicación de calendario.
- Indicadores ou datos relacionados cos obxectivos que se perseguen (rendemento medio, taxa de abandono,...)
- Os recursos materiais de que dispoñen
- Recursos materiais que solicitan.
- O procedemento para avaliar os resultados ou os efectos do seu proxecto.

Pola consecución destes obxectivos o profesorado recibirá financiación para a adquisición de material inventariable.

Os obxectivos terán que implicar directa ou indirectamente a mellora do rendemento, a redución do abandono ou o aumento da participación e a aprendizaxe autónoma dos estudantes.

Ao 31 de decembro de 2005 presentarán unha memoria final do programa que se desenvolveu onde se indicará o grao en que se conseguiron os obxectivos e as actividades que se realizaron.

A Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea, coa colaboración das Vicerreitorías de Profesorado e Organización Académica, fará efectivas estas medidas a través da partida orzamentaria 9830 422D 625.00 mencionada para os apartados *a* e *b* da presente convocatoria.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

e) Contratos-programa para o persoal de administración e servizos (modelo V)

O persoal laboral ou funcionario da UDC poderá optar a esta convocatoria, individualmente ou en equipo. Se o Servizo ao que pertencen concorreu a esta convocatoria, non poderán coincidir en ningún caso os obxectivos individuais ou do grupo cos do seu servizo, se ben poden ser complementarios.

Estes programas dirixiranse á procura de melloras nas áreas e nos procesos que xestionan directamente os solicitantes. Poderán implicar melloras informáticas, técnicas, organizativas, de xestión, etc. Os solicitantes detallarán na solicitude:

- Os obxectivos que pretenden acadar.
- Os datos ou indicadores que reflicten a situación actual ou o estado da cuestión na área ou no proceso obxecto da mellora.
- As accións que pretenden desenvolver así como a súa organización temporal.
- Os medios con que contan para cumprir os obxectivos.
- O procedemento para avaliar os resultados do traballo que se desenvolveu.

O persoal que estea implicado pasará a constituír os “Grupos de Mellora da Xestión” da UDC e recibirá unha axuda individual cuxo importe dependerá do tempo, complexidade e interese da proposta de mellora que se realice, sempre sen superar o máximo que está reservado para esta finalidade na presente convocatoria. Estes fondos estarán vinculados á partida orzamentaria 9830 422D 482.00 de 60.000 euros da Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea.

Ao 31 de decembro de 2005 presentarán unha memoria final do programa que se desenvolveu onde se indicará o grao en que se conseguiron os obxectivos e as actividades que se realizaron.

Prazo de presentación

As solicitudes, segundo os modelos anexos, presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade entre o 17 de marzo e o 3 de abril (ambos incluídos) de 2005.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, a convocatoria resolveraa nun prazo de 10 días hábiles unha comisión formada polos seguintes membros:

- O vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea.
- O vicerreitor de Profesorado.
- A vicerreitora de Organización Académica.
- A vicerreitora de Investigación.
- O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica.
- O xerente.
- O director da Unidade Técnica de Calidade (UTC).
- O director do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE).

Finalizado o período de reclamacións os responsables dos contratos-programa que se concedesen serán convocados para a súa sinatura.

Reclamacións

Fronte á resolución poderá presentarse reclamación perante o reitor no prazo dos dez días hábiles seguintes ao da publicación da resolución nos taboleiros. A resolución reitoral poderá ser recorrida potestativamente en reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos prazos e cos requisitos que están establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Libramento das subvencións

As subvencións faranse efectivas a partir do momento en que finalice o prazo de reclamacións e se publique a relación de contratos-programa que se concederon nas diversas modalidades.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Incumprimento do contrato

A 31 de decembro de 2005 a Comisión creada para a resolución desta convocatoria, avaliará a memoria final dos programas concedidos tralo informe da Unidade Técnica de Calidade. O resultado provisional da avaliación será comunicado aos seus responsables e no caso de que sexa negativa, estes disporán dun prazo de 15 días hábiles para presentar cantas alegacións consideren oportunas. Finalizado este prazo a comisión elevará a definitiva a súa avaliación facéndoa pública nun prazo de 10 días hábiles.

O incumprimento do contrato implica a imposibilidade de participar nas convocatorias sucesivas ata o ano 2007 (incluído). Cando o incumprimento dun compromiso non se poida verificar dentro do ano 2005 o responsable da solicitude fará constar a data do ano 2006 na que se deberá verificar a súa consecución, neste suposto calquera decisión sobre o cumprimento do contrato-programa quedará posposta ata esa data. No caso dos centros e dos departamentos o investimento realizado pola Universidade será detraído anualmente en cantidades iguais dos orzamentos descentralizados que lle correspondan ao centro ou departamento.

O incumprimento do contrato por parte do profesorado ou do persoal de administración e servizos implicará que será imposible concorrer antes da data indicada a calquera convocatoria de proxectos ou subvencións propia da Universidade.

A Coruña, 16 de marzo de 2005

Manuel Peralbo Uzquiano

Vic. de Calidade e Harmonización Europea